



Desacordo co reintegro de gastos por asistencia sanitaria con medios alleos por parte do Sergas

Expediente: I.5.Q/6071/21

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2021

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de Dona [REDACTED] co DNI: [REDACTED] referente a súa solicitude de reintegro de gastos médicos en relación coa atención sanitaria do seu fillo diagnosticado de transtorno de espectro autista, solicitude que foi desestimada nun primerio momento pola administración sanitaria e posteriormente resolta positivamente pero só de xeito parcial.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

- 1- O 9 de xaneiro de 2020 solicita unha consulta de xeito privado ao servizo de neuropediatría para o seu fillo por obxectivar comportamentos non axeitados para a súa idade -5 anos-, este facultativo indica a conveniencia de confirmar ou descartar mediante unha serie de estudos un síndrome de espectro autista.
- 2- O 18 de febreiro de 2020, acuden a súa pediatra do Servizo Galego de Saúde- previamente o neno posuía un aseguramento sanitario a cargo de [REDACTED] -, quen os cita para unha revisión xeral o día 5 de marzo de 2020.
- 3- O día 5 de marzo de 2020, a súa pediatra realiza unha interconsulta para unha primeira avaliación na Unidade de Saúde Mental Infante Xuvenil do [REDACTED].

4- O 9 de marzo de 2020 recibe unha chamada da Unidade de Saúde Mental Infanto Xuvenil do [REDACTED] para darlle unha orientación ao respecto da data aproximada da primeira consulta no seu servizo, fixando como probable o **mes de febreiro de 2021**.

5- En marzo de 2020, ante a demora prevista no Servizo Galego de Saúde para realizar a primeira avaliación do neno, a promotora do expediente contacta coa Fundación [REDACTED] a fin de que realicen as probas necesarias para chegar a un diagnóstico definitivo.

6- O día 11 de maio presentase o informe da devandita fundación no Servizo Galego de Saúde. No informe recoméndase seguimento en atención temperá e neuropediatría.

7- O 15 de maio a pediatra realiza unha interconsulta ao servizo de rehabilitación do [REDACTED] para seguimento no servizo atención temperá.

8- Desde xuño de 2020, o menor é seguido pola unidade de trastornos de espectro autista do [REDACTED].

9- Indícanse sesións de logopeda, non obstante a citación non se produce ata o mes de agosto de 2020, motivo polo que decide realizar esta terapia de xeito privado ata que se cite por parte do servizo público de saúde.

10- A promotora da queixa solicita o reintegro de gastos referidos a:

- consulta de neuropediatría de xaneiro de 2020
- probas complementarias realizadas na fundación [REDACTED] en marzo de 2020
- gastos de logopeda
- gastos de rehabilitación
- gastos de desprazamento e manutención

11- Concedeuse unicamente o reintegro dos gastos relativos ás sesións de logopeda e rehabilitación.

Ante iso requirimos informe a esa Consellería. No informe remitido indican o seguinte:

“ Respecto da queixa formulada ante a valedora do pobo por Dona [REDACTED], con motivo da reclamación do reintegro de gastos médicos por asistencia sanitaria con medios alleos realizada en centros privados ao seu fillo [REDACTED], infórmase que:

O paciente foi atendido na sanidade privada ata os catro anos de idade, realizando alí os controis de saúde pertinentes.

Con data do 18 de febreiro de 2020 acode por primeira vez á sanidade pública (pediatra do Centro de Saúde de [REDACTED]) por presentar unha otite aguda. Prográmaselle unha cita para realizar a consulta do "programa do neno san" e revisión do calendario vacinal.

Os pais informan á pediatra que o neno está a seguimento de forma privada por un neuropediatra, así coma pola Asociación [REDACTED] por un posible trastorno do espectro autista. A familia adxunta un informe do neuropediatra privado datado de xaneiro de 2020 no que se diagnostica ao neno de "trastorno del desarrollo altamente sugerente de Trastorno del Espectro autista grado 1 (asimilable a Síndrome de Asperger)".

O día 5 de marzo a pediatra de Atención Primaria realiza unha interconsulta ao Servizo de Saúde Mental Infanto Xuvenil do Hospital [REDACTED] ([REDACTED]).

Posteriormente, o 11 de maio a familia aporta un informe realizado pola Asociación [REDACTED] confirmando o diagnóstico e recomenda seguimento en Atención temperá e Neuropediatría.

O 15 de maio a pediatra realiza unha interconsulta ao Servizo de Rehabilitación do [REDACTED] para valoración do neno en Atención temperá e, dado que este estaba sendo valorado por un neuropediatra privado, queda pendente de falar coa familia co fin de non duplicar consultas.

Dada a situación epidemiolóxica xerada pola pandemia pola COVID-19 as consultas presenciais non urxentes foron pospostas.

O menor está a seguimento na Unidade de Trastornos do Espectro Autista (TEA) do [REDACTED], dende xuño de 2020, derivado pola súa pediatra de Atención Primaria.

A familia do menor foi informada no mes de xullo de 2020, por medio da traballadora social comunitaria do concello de [REDACTED], do dereito que lle asiste para tramitar a Lei de Promoción de Autonomía Persoal e Atención as Persoas en situación de Dependencia (Lei 39/2006, do 14 de decembro).

Nese encontro se lle tramita a valoración do grao de dependencia, con data de rexistro de entrada na Delegación de Política Social de [REDACTED] de 21/07/2020.

Na actualidade a familia ten recoñecida Libranza Vinculada a un Servizo con data de resolución do 09/03/2021 sendo efectivo o pago dende o 01/02/2021.

En referencia ás competencias administrativas para os servizos de carácter privado dos que se beneficia o menor, esta é unha competencia exclusiva da Consellería de Política Social a través do Servizo de Dependencia, que son os encargados de proporcionarlle ao menor, con base no Programa Individual de Atención, ao recurso público, concertado ou privado oportuno.

En canto ao motivo polo que se autorizou o reintegro de gastos das sesións de logopedia e terapia ocupacional realizadas nos meses de xuño e xullo de 2020, dicir que as sesións de logopedia foron pautadas ao menor no Servizo de Psiquiatría infantil do [REDACTED]. Por mor da situación epidemiolóxica o neno non foi citado para a súa realización ata agosto dese ano. Entendemos que esta demora é atribuíble ao Sergas polo que se acepta o reintegro de gastos das sesións realizadas nun centro privado.

En canto as sesións de terapia ocupacional estas foron pagadas de forma indebida, dado que como xa se explicou anteriormente non compete ao SERGAS o seu financiamento.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

A administración traslada no seu informe que dado que as sesións de logopedia indicadas probablemente en marzo de 2020, non puideron levarse a cabo ata agosto do 2020, entenden que” *esta demora é atribuíble ao Sergas polo que se acepta o reintegro de gastos das sesións realizadas nun centro privado*”; procedendo ao seu pago, non obstante, non se procede ao pago dos gastos derivados das probas complementarias necesarias para a confirmación do diagnóstico do menor, que tamén foron consecuencia da demora de atención no Servizo de Saúde Mental Infante Xuvenil do Hospital [REDACTED] - recordemos que a cita estimada para unha primeira avaliación co obxecto de confirmar o diagnóstico de síndrome de espectro autista era de aproximadamente 11 meses, como así se lle transmitiu á promotora da queixa telefonicamente en marzo de 2020-.

Entende esta institución que, se o criterio seguido pola administración sanitaria para proceder ao abono dos gastos derivados da terapia de logopedia é unha demora na citación de 5 meses, con maior motivo unha demora estimada de 11 meses na primeira consulta do servizo de Saúde Mental Infante Xuvenil do Hospital [REDACTED], xustificaría o abono dos gastos derivados da atención a través da fundación [REDACTED] co obxecto de realizar un

diagnóstico definitivo, obxecto este da devandita citación no servizo de Saúde Mental Infanto Xuvenil do Hospital [REDACTED].

A cuestión de fondo, estriba na aplicación do criterio seguido pola administración cando aproba o pago correspondente aos gastos de logopedia, o criterio que se desprende do informe remitido ao establecer que *“esta demora é atribuíble ao Sergas polo que se acepta o reintegro de gastos das sesións realizadas nun centro privado”* é o criterio da demora atribuíble ao SERGAS, motivo polo que, de acordo co principio de seguridade xurídica, a administración non debe apartarse deste criterio para avaliar a procedencia do reintegro dos gastos secundarios ás probas diagnósticas, tendo en conta que se lle comunicou á interesada unha demora aproximada de 11 meses no Servizo de Saúde Mental Infanto Xuvenil do Hospital [REDACTED], máximo cando estamos a falar da atención sanitaria dispensada a un menor con sospeita de síndrome de espectro autista.

Do principio de seguridade xurídica que invocamos e dos principios de boa Fe e confianza lexítima que del se desprenden, referiuse a STS, sala terceira, sección 6ª, de 22 de xaneiro de 2007, Rec. 843/2004, no seu fundamento xurídico cuarto, cando establece que:

"El principio de protección de la confianza legítima ha sido acogido igualmente por la jurisprudencia de esta Sala del Tribunal Supremo (entre otras, en las Sentencias de 1 de febrero de 1990, 13 de febrero de 1992, 17 de febrero, 5 de junio y 28 de julio de 1997), y se consagra en la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, tras su modificación por la Ley 4/1999, que en su artículo 3, cuyo número 1, párrafo 2º, contiene la siguiente redacción: 'Igualmente, deberán (las Administraciones Públicas) respetar en su actuación los principios de buena fe y de confianza legítima'. El contexto interpretativo de estos principios jurídicos se advierte en la Exposición de Motivos de la citada Ley procedimental administrativa, cuando afirma lo siguiente: 'En el título preliminar se introducen dos principios de actuación de las Administraciones Públicas, derivados del de seguridad jurídica. Por una parte, el principio de buena fe, aplicado por la jurisprudencia contencioso-administrativa incluso antes de su recepción por el título preliminar del Código Civil. Por otra, el principio, bien conocido en el derecho procedimental administrativo europeo y también recogido por la jurisprudencia contencioso-administrativa, de la confianza legítima de los ciudadanos en que la actuación de las Administraciones Públicas no puede ser alterada arbitrariamente'".

En definitiva, se a administración sanitaria considera que a demora de 5 meses na citación para a realización da terapia de logopedia xustifica o abono dos gastos que se derivaron da realización da terapia privadamente, non debe contradicir o seu propio criterio coa negativa ao abono dos gastos que se derivaron da realización das probas complementarias necesarias para chegar ao diagnóstico do menor, cando a demora na citación do servizo que debía solicitar as devanditas probas era de aproximadamente 11 meses. Neste caso existindo dúas

interpretacións posibles, a administración optou pola menos favorable á interesada, polo que esta institución considera que se debería realizar unha interpretación máis flexible, xa que se debe buscar non decidir en términos contrarios ao cidadán, se existe ao menos unha interpretación máis favorable a aquel.

Ao respecto dos gastos derivados da consulta ao neuropediatra que de xeito voluntario, a familia do doente concertou, non lle sería de aplicación este criterio ao non existir demora atribuíble ao SERGAS.

Polo que atinxe aos gastos derivados do desprazamento e manutención aos que tamén fai referencia no seu escrito, cómpre indicar que esta institución non pode avaliar nin a necesidade nin a pertinencia do medio de transporte utilizado ao exceder das competencias que nos atribúe da Lei 6/1984, do 5 de xuño, que a regula.

Os gastos derivados da terapia ocupacional, inda sendo competencia da Consellería de Política Social, foron aboados polo SERGAS.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte **recomendación**:

“Que se proceda á revisión da solicitude de reintegro de gastos no que atinxe aos gastos derivados da demora no Servizo de Saúde Mental Infanto Xuvenil do Hospital [REDACTED] tendo en conta o criterio utilizado no abono dos gastos derivados da demora no servizo de logopedia”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable,

non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo